

Diego Casado

A poética do baleiro

Diego Casado

DEPUTACIÓN DE LUGO

Área de Cultura e Deporte

Antón Bao Abelleira
Vicepresidente

Antonio Veiga Outeiro
Deputado Delegado

CATÁLOGO

Colección Ronsel 04

Edita

Museo Provincial de Lugo
Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo

Coordinación

Xoán Ramiro Cuba Rodríguez
Departamento de Publicacións da Rede Museística Provincial

Textos

M. Neves Paz Vilar

Fotografías

Germán Limeres

Deseño gráfico e maquetación

ta ta ta

ISBN:978-84-8192-403-9
Depósito legal: LU-367-2008

Primeira edición, novembro de 2008

© **da presente edición** Museo Provincial de Lugo

© **dos textos** os seus autores

© **das fotografías** os seus autores

Chega ao Museo Provincial neste outono de 2008 o fotógrafo sevillano afincado en Ribadeo, Diego Casado, cunha interesante proposta titulada “A poética do baleiro”. Diego Casado non é un fotógrafo ao uso, o inicio da súa dedicación á fotografía de autor vén determinado polos seus estudos en Madrid no Centro de Ensinanza da Imaxe. É alí precisamente onde comeza a súa traxectoria artística que, nese momento, ten como obxecto a cidade en si mesma, os edificios e a evolución urbana.

Ao establecerse en Ribadeo como fotógrafo profesional, centrado no mundo da moda e da publicidade, deixa por algún tempo a súa actividade como fotógrafo artístico; unha actividade que retoma a finais da década dos oitenta para, ao longo das dúas últimas décadas, presentar ao público con regularidade os seus traballos. O proceso creativo de Diego Casado é verdadeiramente singular, algúns críticos chegan a definilo como unha auténtica subversión das fases do traballo fotográfico, na medida en que non se limita a actuar pasivamente fronte á realidade como calquera fotógrafo convencional, Casado imaxina e crea maquetas que representan espazos construtivos para despois fotografalas.

“A poética do baleiro” é unha demostración deste xeito de entender e afrontar a fotografía como arte, unha

mostra coherente e unitaria que se nos presenta como unha evolución das súas series anteriores. Os espazos baleiros creados e fotografados por Casado semellan arquitecturas reais pero, ao mesmo tempo, superando esa realidade aparente e axudadas polo tratamento da luz, ofrecen matices de irrealidade que supoñen para quen as contempla a posibilidade de realizar múltiples lecturas diferentes. Eses espazos mesmo nos suxiren a eventualidade de ollalos dende distintas posicións, estean estas situadas dentro ou fóra das propias arquitecturas. Casado é plenamente consciente disto cando nos di: “Se a miña obra trata de algo, ese algo é a infinidade de posibilidades que podería xurdir do encontro entre os escenarios que creo e o espectador”.

Animamos a todos os afeccionados á arte á achegarse a esta mostra “A poética do baleiro”, a mergullarnos nese mundo de “infindas posibilidades”. Esta exposición constitúe unha oportunidade inmejorable para coñecer de preto a obra de Diego Casado, un artista que non nos vai defraudar na medida en que nos propón enfrontármonos con eses escenarios que primeiro soñou e despois creou, valéndose para iso da súa orixinal maneira de entender, traballar e presentar a fotografía.

Antón Bao Abelleira

Vicepresidente da Deputación de Lugo

M. NEVES PAZ VILAR

A poética do baleiro

Cando Diego Casado fala da súa obra, di: arquitectura, textura, escala, luz, espazo. Semella que está a falar de pintura e porén son fotos o que el fai. Fainas porque non retransmite o que ve senón que constrúe o que quere que vexamos.

Son espazos que pasan da mente ao caderno e de alí ao taller do carpinteiro para volver ao estudio e ás augadas sucesivas na procura dos relevos, dos tons de cor e dos xogos entre ambos os dous.

O resultado é unha obra que aos afeccionados a ver exposicións nos sorprende e nos atrapa. "Non hai nada aí, non hai ninguén", pensamos, para deseguido adiviñar que o espazo que vemos está completamente cheo, que é un universo mental e estético arredor do aparentemente simple.

Ao internarnos no museo que alberga as súas fotos atopamos estas imaxes de paredes, baleiros e entradas de luz. É a arquitectura dentro da arquitectura, e a unha lémbrale as ilustracións do libro de Lewis Carroll cando Alicia atravesa mundos con espellos e pisos axadrezados, realidades que se desdobran, á maneira tamén dos relatos de Dylan Thomas.

E logo está o elemento absurdo, o desacougante, o que non se controla: os foxos, as caídas ao descoñecido, os percorridos que non deixan ver o que hai máis aló.

Ficamos entón parados diante daquela simpleza tan fermosa e descubrimos que estamos dentro. Somos o elemento que completa a imaxe, o ser humano nun espazo no que está el só.

A soidade, podemos dicir nós. O íntimo, di Diego Casado.

Espazo denso
Fotografía sobre aluminio
172 x 127 cm
Edición 3 ejemplares
2005



Espazo para unha soa vez
Fotografía sobre dibond
156 x 120 cm
Edición 3 exemplares
2008



Homenaje a René Magritte
Fotografía sobre aluminio
136 x 120 cm
136 x 120 + 1 proba 60 X 60 cms
Edición única
2005
Colección Fundación Bancaja (Valencia)



Espazo circular
Fotografía sobre aluminio
135 x 120 cm
Edición única
2006
Colección Artiuris Abogados



Espazo oculto
Fotografía sobre dibond
156 x 120 cm
Edición 3 exemplares
2008



Espazo verde
Fotografía sobre aluminio
120 x 120 cm
Edición 3 ejemplares
2005



Espazo esquecido
Fotografía sobre aluminio
160 x 120 cm
Edición única
2006
Colección Artiuris Abogados



Baleiro e plenitude
Fotografía sobre aluminio
90 x 60 cm
Edición 3 exemplares
2007




O adeus (I)


Fotografía sobre aluminio
60 x 60 cm
Edición 3 ejemplares
2006




O adeus (II)
Fotografía sobre aluminio
60 x 60 cm
Edición 3 ejemplares
2006



A casa da alma
Fotografía sobre aluminio
100 x 70 cm
Edición única
2007
Colección Artiuris Abogados



O interior dun home só
Fotografía sobre aluminio
60 x 40 cm
Edición 3 exemplares
2005



SEVILLA, 1958

Diego Casado



Foto Vilar

1996

IV Certame de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo, Deputación de A Coruña. Itinerante. Catálogo.

1997

“Cercanías” Xoán Guerreiro, Martiño, Roberto González Fernández, Quintana Martelo. Comisaria Lucila Yáñez. Museo Provincial de Lugo. Catálogo.
“La Música en las artes plásticas”. Círculo das Artes de Lugo. Catálogo.

1998

VI Certame de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo. Deputación de A Coruña. Itinerante. Catálogo.

2001

ARCO '01 (Madrid). Galería Carmen de la Calle.
VII Mostra Unión FENOSA. A Coruña. Catálogo.
VII Certamen de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo. Deputación de A Coruña. Itinerante. Catálogo.

2002

XVIII Premios LOREAL de Arte Contemporáneo (Madrid). Catálogo.
XII Salón de Fotografía “Caja España” León, Valladolid, Palencia.

2003

X Certamen de Artes Plásticas “Cidade de Lugo”. Catálogo.
Arquitecturas. Galería Pardo Bazán, A Coruña (Individual).
Series seriadas. Galería Pardo Bazán. A Coruña.
II Premio Cantabria de Artes Plásticas – Santander. Catálogo.
Primer Concurso de Fotografía “Purificación García”.
Jardín Botánico (Madrid). Museo Provincial de Ourense.
(Outono fotográfico – Catálogo).

2004

VIII Mostra Unión Fenosa. Museo de Arte Contemporánea “Unión Fenosa”, A Coruña. Catálogo.
VII Salón de Otoño de Artes Plásticas. “Fundación Caixa Galicia” A Coruña. Catálogo.

2005

XXXII Premio Bancaixa de Pintura, Escultura y Arte Digital. Instituto Valenciano de Arte Moderno (IVAM) Centro Julio González. Catálogo.
Concurso “Purificación García 2.005”.
Círculo de Bellas Artes (Madrid). Itinerante. Catálogo.

2006

Concurso de fotografía “Purificación García 2006”.
Círculo de Bellas Artes, Madrid. Catálogo.
IX Mostra Unión FENOSA. MACUF – A Coruña. Catálogo.
“Expansivo”. Concello de Cervo-Lugo (Individual) Catálogo.
“Accións estratéxicas”. Arte actual na Deputación Provincial da Coruña. C. Fonseca, Santiago de Compostela. Catálogo.
VI Salón de outono. Fundación Caixa Galicia. A Coruña. Catálogo.

2007

“Fluxo e refluxo no mar da arte” Sargadelos – Lugo. Catálogo.
“Premio Caja Castilla La Mancha de fotografía” Centro Cultural CCN – Catálogo.

2008

“Mariñarte 2008” Colectiva de fotografía. Forte de San Damián de Ribadeo. Catálogo.
X Mostra Unión FENOSA. MACUF – A Coruña. Catálogo.
Percorridos, artes plásticas da Mariña (Mondoñedo - Cervo - Ribadeo) Catálogo.

COLECCIÓN

Deputación de A Coruña. A Coruña.
Concello de Lugo. Lugo.
Gobierno de Cantabria (Consejería de Cultura).
Fundación Bancaixa. Valencia.
Caja Castilla La Mancha. Obra Social y Cultural. Cuenca.

PREMIOS

2003. 2º Premio: X Certame de Artes Plásticas “Cidade de Lugo”. Lugo.
2004. 3º Premio: VII Salón de Outono de Artes Plásticas. A Coruña.
2005. 1º Premio: XXXII Premio Bancaixa. Valencia.
2007. 3º Premio: Caja Castilla La Mancha de fotografía. Cuenca.

A Daniel Caxigueiro